

non si non si non si
 si non si non si non

Que é o VIH?

O virus da inmunodeficiencia humana (VIH) destrúe as defensas do noso organismo e fai que se padezan infeccións, tumores e outras enfermidades. A sida é a fase máis grave da infección do VIH.

O VIH só se pode transmitir por:

- Non usar preservativo nas relacións sexuais con penetración (vaxinal, anal ou oral).
- Compartir un obxecto cortante que estivese en contacto con sangue infectado: xiringas, agullas, instrumentos para a acupuntura, tatuaxes, piercing, etc.
- Dunha nai VIH positiva ao seu fillo ou filla durante o embarazo, o parto ou a lactación.

COMO TE PODES PROTEXER DO VIH?

Usa o preservativo nas relacións sexuais con penetración. Evita o uso compartido de xiringas, agullas e outros utensilios de inxección se consumes drogas inxectadas.

O VIH non se transmite en ningún caso por:

- Bicos, abrazos, agarimos, darse a man ou tocarse.
- Bágoas, suor, saliva, tose, esbirros.
- Compartir obxectos de uso común (teléfono, cubertos...), a roupa ou alimentos.
- Compartir duchas, lavabos ou váteres, en piscinas, instalacións deportivas ou de lecer, centros laborais, colexios ou establecementos públicos.
- Animais, mosquitos ou outros insectos.
- Por doar ou recibir sangue, nos países onde está controlado adecuadamente.

O descoñecemento ou coñecemento erróneo sobre a sida, o VIH, como se transmite e sobre todo como non se transmite, son causa de estigma e discriminación cara ás persoas con VIH.

INFÓRMATE E NON DISCRIMINES

si non si non si si
 si non si non si non
 non si si non si

Diagnóstico precoz da infección por VIH:

UNHA PRIORIDADE

En España estímase que hai entre **120.000** e **150.000** persoas infectadas polo VIH, unha cuarta parte das cales aínda non o sabe. Isto significa que máis de **35.000** persoas non se están a beneficiar dos tratamentos existentes e poderían transmitir o VIH ás súas parellas sexuais sen sabelo.

120.000-150.000

35.000

Por iso, este ano o tema central do Día mundial da Sida, destinado á concienciación pública respecto da infección polo VIH, é a promoción da **PROBA DO VIH**

Coñecer axiña o resultado positivo da proba do VIH permitirache:

- Beneficiarte do seguimento médico.
- Acceder a un tratamento eficaz que mellore a túa calidade de vida e aumente a túa supervivencia.
- Adoptar as medidas necesarias para evitar a transmisión da infección a outras persoas.



INFÓRMATE

Dende calquera punto de España infórmate gratuitamente:

Cruz Vermella: 900 111 000/informacionvih@cruzroja.es
 900-ROSA: 900 601 601

Información por comunidades e cidades autónomas:

| | |
|-----------------------|---|
| ANDALUCÍA | 900 850 100/ www.juntadeandalucia.es/salud/vih |
| ARAGÓN | 900 111 000/ www.saludpublicaaragon.es |
| ASTURIAS | 985 338 832/ www.pruebadeamor.org |
| BALEARES | 971 176 855/ www.portalsalut.caib.es |
| CANARIAS | 902 114 444/ 922 237590 www.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/sida.htm |
| CANTABRIA | 942 207 745/ 732/ www.saludcantabria.org |
| CASTELA-A MANCHA | 900 111 000 / www.jccm.es |
| CASTELA E LEÓN | 983 413 600/ www.salud.jcyl.es |
| CATALUÑA | 900 212 222/ www.gencat.cat/salut |
| ESTREMADURA | 924 382 641/ 924 382 594/ www.saludextremadura.com |
| GALICIA | 881 542 914/ http://dxsp.sergas.es |
| MADRID | 900 111 000/ www.madrid.org / www.sitelias.net |
| MURCIA | 900 706 706/ www.murciasalud.es |
| NAVARRA | 848 423 396/ www.isp.navarra.es |
| PAÍS VASC | 943 006 464/ www.euskadi.net/sida |
| LA RIOXA | 941 291 976/ www.riojasalud.es |
| COMUNIDADE VALENCIANA | 900 702 020/ www.sp.san.gva.es |
| CEUTA | 856 205 009/ www.ceuta.es:8080/sanidad/principal |
| MELILLA | 952 976 251 / www.melilla.es |



En que consiste a proba do VIH?

- É unha análise específica que **detecta a infección por VIH**.
- **Non cha poden facer sen o teu permiso**, o resultado é confidencial e pódese facer de xeito anónimo.
- É **gratuíta** en todos os **centros sanitaris da rede pública** e, ademais nos **centros de enfermidades de transmisión sexual** e algunhas ONG non che piden a tarxeta sanitaria.
- Nalgúns centros existen as **probadas rápidas** de detección do VIH, o **resultado das cales pódese obter en menos de 30 minutos**. Un resultado positivo a estas probas só ten carácter provisional e require unha confirmación posterior. Un resultado negativo non require confirmación ningunha.

Se tiveches unha práctica de risco, non esperes, achégate a algún destes centros. Alí valorarán o teu caso, indicaránche a proba e, en caso dun resultado negativo, diránche se tes que repetila e cando.

Quen debería facer a proba do VIH?

- As mulleres **EMBARAZADAS** ou que pensen ter un/unha fillo/a.
- As persoas que padeceran algunha infección de transmisión sexual, tuberculose ou hepatite.
- As persoas que teñen unha parella estable e queren deixar de usar o preservativo coa súa parella.
- Todas as persoas que tiveran **CALQUERA** destas **prácticas de risco**:
 - Relacións sexuais con penetración (anal, vaxinal e tamén oral se houbo exaculación) sen preservativo con algunha persoa con VIH ou que se descoñeza se está infectada.
 - Se compartiu o material para inxectarse drogas (xiringas, agullas, culleres, filtros...).



Quérete
 Fai a proba. Usa o preservativo.

1 de decembro, Día Mundial da Sida.

DETÉN EL SIDA. STOP SIDA. PARA LA SIDA
 STOP AIDS. ATURA LA SIDA. GELDIARAZI HIESA. DETÉN A SIDA.
 ОСТАНОВИТЕ СПИД. 拒绝爱滋. لوقف الإيدز.



www.msps.es



ADEMAIS...

O preservativo, cando se usa correctamente, constitúe a protección máis eficaz contra a transmisión do VIH, outras infeccións de transmisión sexual e os embarazos non desexados.

- O risco de infección por VIH existe tanto para o que penetra como para a persoa que é penetrada, aínda que é maior para esta última, e aumenta coa presenza de lesións xenitais e infeccións de transmisión sexual (ITS).
- Se tes relacións sexuais con penetración (anal ou vaxinal) con algunha persoa con VIH ou que non sabes se está infectada polo VIH, usa sempre un preservativo. Usa ademais lubricante se a penetración é anal.
- No sexo oral, a transmisión do VIH pode ocorrer se exaculan na túa boca. Tamén hai risco de transmisión doutras ITS (gonorrea, sífilis). Para non infectarte polo VIH poder usar un preservativo ou evitar a exaculación na boca.